

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15019347	CPI Camiño de Santiago	O Pino	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	2º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	6
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	6
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	6
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 2º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nesta materia, realizaremos un proxecto anual arredor dos seres mitolóxicos galegos co que se fomentará que o alumnado resolva os problemas de forma colaborativa, refórce a súa autoestima, autonomía, reflexión e responsabilidade. Para desenvolver dito proxecto, o alumnado deberá aplicar as súas competencias (coñecementos, capacidades e actitudes) e así lograr os resultados desexados.

O grupo está composto por 11 alumnos do CPI Camiño de Santiago. Tanto o tipo de centro como o número de alumnos son aspectos a ter en conta á hora de organizar a materia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	FACEMOS UN PLAN DE TRABALLO	Introduciremos o concepto de ser mitolóxico e aproximaremos con buscas bibliográficas en distintos medios ás figuras máis destacadas da mitoloxía galega.	34	14	X		
2	PREPARAMOS O MATERIAL	Recollerase a información sobre cada ser mitolóxico nun formato previamente consensuado.	33	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	PRESENTAMOS O PROXECTO	Presentamos o noso traballo aos membros da comunidade educativa.	33	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	FACEMOS UN PLAN DE TRABALLO	14

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Amosa boa actitude de cara ao proxecto.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Selecciona recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Realiza unha busca activa de información en distintas fontes e valora as ideas dos demais na escolma de seres mitolóxicos aínda que non sexan coincidentes coas súas.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Participa na temporalización do proxecto contribuíndo a manter o bo clima de traballo na clase.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Amósase resolutive/o ante a aparición de problemas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	PREPARAMOS O MATERIAL	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Fai unha valoración do traballo realizado ata o momento.	PE	20
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Adáptase á temporalización prevista na UD1 e non dispersa a súa atención nin a do resto do grupo.	TI	80
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos axeitados e mobiliza as súas competencias no referente a buscas de información e elaboración de materiais no formato indicado.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega os recursos de forma coidadosa.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Aporta solucións ante os problemas xurdidos e mantén unha actitude asertiva e proactiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	PRESENTAMOS O PROXECTO	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Analiza os puntos débiles e fortes de cada compañeira/o e de sí mesmo/a para que na presentación se saque o mellor partido de cada membro do equipo.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Fai unha comunicación eficaz, clara e áxil.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal e unha presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición, controlando as emocións e os nervios.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Mellora a súa competencia dixital durante a elaboración dos materiais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a seguir é colaborativa e céntrase en sacar o mellor de cada alumno/a, valorando os puntos débiles e fortes de cada un/unha con estratexias como cuestionarios de autoconhecimento, chuvias de ideas, asembleas... A actitude asertiva, creativa e resolutiva será clave no desenvolvemento deste proxecto. A mobilización de competencias será precisa tanto na busca de información como na escolma dos seres mitolóxicos, na organización previa do proxecto ou na comunicación co resto de membros da comunidade educativa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
ORDENADORES CON CONEXIÓN A INTERNET
BIBLIOTECA

Precisaremos un ordenador por cada dous ou tres alumnos para poder facer unha busca eficaz na rede sobre as figuras da mitoloxía galega así como para elaborar os materiais na segunda fase do mesmo. Faremos uso en sesións puntuais da biblioteca do centro. O propio alumnado será o que decida a forma idónea de presentar os materiais elaborados. Algunhas opcións que se lles ofrecerán son: presentacións, caracterizacións, pósters, podcast, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e coa intervención do Departamento de Orientación, levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Proba escrita	0	20	0	7

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Táboa de indicadores	100	80	100	93

Cráterios de cualificación:

NOTA 1ª AVALIACIÓN:

- 10% Participación na toma de decisións de forma respectuosa, colaborativa e resolutivea.
- 10% Participación na temporalización e presentación por escrito da planificación do proxecto con todas as etapas.
- 10% Elaboración do calendario de celebracións celtas e presentación do mesmo de forma creativa.
- 10% Organización previa (participación activa na coordinación da loxística, recursos, organización dos tempos...)
- 30% Busca de información na rede e en diversos libros da biblioteca (a realizar en parellas ou pequenos grupos, presentando os resultados por escrito).
- 10%: Elaboración da escolma de seres mitolóxicos con respecto polas opinións alleas.
- 20% Participación activa na conmemoración de datas sinaladas dos calendarios celta e galego.

NOTA 2ª AVALIACIÓN:

- 10% Mantemento da atención.
- 20% Determinación do formato para a presentación de resultados de forma consensuada.
- 30% Aproveitamento das sesións explicativas para a elaboración dos materiais (editor de texto ou de presentacións, radio escolar, etc)
- 10% Uso axeitado do material.
- 20% Análise DAFO do traballo realizado ata o momento.
- 10% Participación activa na conmemoración de datas sinaladas dos calendarios celta e galego.

NOTA 3ª AVALIACIÓN:

- 40% Presentación dos materiais elaborados.
- 20% Relación co público ao que van dirixidos os materiais.
- 20% Control das emocións.
- 10% Autoavaliación.
- 10% Participación activa na conmemoración de datas sinaladas dos calendarios celta e galego.

NOTA FINAL:

Media aritmética das notas das tres avaliacións.

Cráterios de recuperación:

Se ao final de curso, algún alumno/a ten algunha avaliación suspensa, deberá entregar de novo os traballos requeridos durante dita avaliación/s.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de que no grupo haxa un alumno/a coa materia de Proxecto Competencial de cursos anteriores pendente, realizarase un seguimento individualizado do mesmo/a a fin de considerar a necesidade de establecer o preceptivo reforzo educativo dirixido a garantir que no seu caso o proceso de ensino non se vexa afectado por este feito.

Tanto para os alumnos/as que se atopen na situación anterior, como no caso dos alumnos/as que estén cursando 4º da ESO coa materia de 3º suspensa, tomaranse as medidas seguintes para realizar o seu seguimento:

- Entrega dunhas instrucións claras por parte do profesorado no mes de outubro como data límite.
- Entrega por parte do/da alumno/a dunha serie de boletíns de actividades coa periodicidade que lle indique o

profesor/a relacionadas coa temporalización e desenvolvemento dun proxecto.

- Devolución de ditos boletíns corrixidos por parte do profesor/a.
- Resolución de dúbidas sempre que sexa necesario.

RECUPERACIÓN DA MATERIA

Terán lugar dúas probas parciais (xaneiro e abril) nas que o alumnado poderá aprobar algunha das dúas metades da materia. No caso de ter algunha das probas parciais suspensas, realizarase unha proba final en maio da parte non superada.

Os criterios de cualificación son:

- Probas escritas30%
- Entregas periódicas das tarefas70%

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, serán deseñadas actividades de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselles unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as, establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera forma de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiro mitolóxico	Realizarase un roteiro mitolóxico, ben a senda mitolóxica do Monte Viso, en Santiago de Compostela, ben o arboreto galego da Cortiña, en San Sadurniño.		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados